

A ÉPICA DE VIRXILIO

Publius Vergilius Maro (Virxilio) foi o “gran poeta de Roma”

Biografía

Non se sabe moito das orixes de Virxilio. Parece que naceu nunha familia de *equites*¹ provincial. Foi educado en Cremona, Mediolanum (Milán) e, finalmente, en Roma, e adquiriu un profundo coñecemento de autores gregos e romanos -especialmente poetas. Recibiu educación moi minuciosa en **retórica** e **filosofía**. Sábese que un dos seus profesores era o epicúreo Siro, polo cal non sorprende que a súa poesía inicial reflectise a filosofía epicúrea; porén, co pasar do tempo, gradualmente vai aproximándose máis ao estoicismo.



Publius Vergilius Maro:
Andes (Pietola) 70 – Brundisium (Brindisi)
19 a.n.e/a.C.)

Na súa xuventude viviu varias situacións dramáticas a nivel político: a guerra entre Mario e Sulla, o conflito entre Pompeio e César e todos os enfrontamentos que só terminarán coa vitoria de Augusto en Actium no 31 a.n.e./a.C.

Antecedentes históricos da <i>Eneida</i>	
César establece o primeiro triunvirato (César, Craso, Pompeio)	60-53 a.n.e.
Guerra civil (César e Pompeio)	49-45 a.n.e.
César proclámase o ditador de Roma	48 a.n.e.
Asasinato de César	44 a.n.e.
Octavio crea o segundo triunvirato (Octavio, Marco Antonio, Lépido)	43-32 a.n.e.
Octavio derrota a Lépido e mándao ao exilio	36 a.n.e.
Octavio derrota a Marco Antonio en Actium	31 a.n.e.
Octavio, agora Augusto, converte a República nun Imperio	27 a.n.e.

Virxilio tiña un carácter reservado e unha saúde non moi robusta, así que non xogou papeis na vida política nin militar cando era novo. Adicouse á poesía e á erudición relativa a ela, o cal fixo que producise unha obra que en pouco tempo lle gañou a amizade de grandes figuras de Roma: **Octavio** e **Mecenas** habían ser fundamentais no desenvolvemento da súa carreira. Temos que considerar tamén que Virxilio era un provinciano da Galia Cisalpina, pero conseguiu tamén ser romano de pleno dereito grazas ao seu talento e ás súas conexións.

¹ Cabaleiros que, nesta época, eran un terceiro grupo político diferente dos *optimates* e *populares*.

A épica de Virxilio

O propio Augusto instou a Virxilio a escribir a *Eneida*. No ano 19 a.n.e. viaxou a Atenas para coñecer de primeira man os lugares descritos no seu poema. Voltando a Roma, caeu enfermo e morreu no porto de Brundisium (Brindisi). Foi enterrado en Nápoles, baixo un epitafio que el mesmo escribiu:

Mantua me genuit; Calabri rapuere; tenet nunc

Parthenope: cecini pascua rura duces.

Mantua enxendroume, os calabreses me arrebataron.
Agora acólleme

Parténope (Napoli). Cantei aos pastos, aos campos e
aos caudillos.

Obra

Virxilio foi un poeta polifacético. Escribiu poemas de tipo lírico e didáctico: as *Bucolica* (*Bucólicas*, tamén coñecidas como *Églogas*) e as *Georgica* (*Xeórxicas*) son as obras máis destacadas deste xénero.

As *Bucolica* son dez poemas de tipo pastoral: cantan ao campo e aos pastores, pero tamén tratan temas que aparecerán na súa obra posterior: amor e do desarraigo pola perda da patria.

As *Georgica* seguen a forma das obras gregas didácticas que as inspiraron, dando leccións sobre as labores agrícolas e gandeiras.

Con todo, a obra posiblemente máis transcendente na literatura posterior sería a *Eneida*, o gran poema épico de Roma.

A *Eneida*

A *Eneida* foi escrita durante un punto de inflexión na historia de Roma (29-19 a.n.e). Octavio estableceu un período de *pax romana* baixo o cal puideron florecer as artes, pero Virxilio non esquecía a inestabilidade política e conflitos internos que el vivira.

Antecedentes

As influencias de Virxilio son múltiples:

Por unha banda, a épica homérica. De **Homero**, probablemente pasando polo cribo de autores coma **Lucrecio** (*De rerum natura*), toma a métrica, o hexámetro dactílico, e a orientación do seu argumento: os seis primeiros libros son unha viaxe, comparable á *Odisea*, mentres que os últimos seis presentan unha temática bélica herdeira da *Ilíada*.

Lucrecio: 99-55 a.n.e.

A épica de Virxilio

Por outra banda, a épica helenística de **Apolonio de Rodas** (*Αργοναυτικά*) sen dúbida formou parte da súa formación en poesía grega. Moitos estudosos entenden que Apolonio foi o cribo polo cal Virxilio pasou as súas adaptacións do material homérico.

Por unha banda, a épica romana de **Livio Andrónico** (de orixe grega; fixo unha tradución ao latín da *Odisea*), **Nevio** (*Bellum Poenicum*, unha narración dos enfrontamentos da primeira guerra púnica, na que o autor participou) e **Ennio** (*Annales*, poema extenso parcialmente conservado onde se narra a historia de Roma dende a súa fundación ata a época do autor, con abundante información da segunda guerra púnica); deles toma a tradición de que a chegada de Eneas ao Lacio estaba relacionada coas orixes de Roma, ademais da personaxe de **Dido**.

Apolonio de Rodas:
295-215 a.n.e.

Livio Andrónico:
284-204 a.n.e.

Cneo Nevio:
270-201 a.n.e.

Ennio:
239-169 a.n.e.

Tema da Eneida

O poema narra as aventuras de Eneas, o heroe troiano, fillo de Anquises e Venus, desde a súa saída de Troia ata a súa chegada ás costas de Italia. Unha vez chega alí, narra os combates contra os habitantes do Lacio ata conseguir a vitoria e correspondente recompensa: o matrimonio con Lavinia, filla do rei Latino. Con el afunda a nova estirpe de Italia: o pobo romano.

Personaxes

Eneas

Eneas caracterízase pola súa submisión ao seu *fatum* (destino) e por ser una vítima da súa *fortuna* (a condenación ao sufrimento por atoparse na encrucillada entre os designios da fortuna e a resistencia de Xuno). Virxilio bebe da tradición cando lle aplica o epíteto *pius* (piadoso) tanto no sentido relixioso (respecto dos rituais) como familiar (Eneas é o exemplo canónico da piedade filial, salvando ao seu pai, ao seu fillo e aos seus deuses lares do incendio de Troia).

A elección de **Eneas** como protagonista débese a dúas características: por unha parte, Eneas en tanto **pai mítico** de Roma; por outra, en tanto **antepasado** da *gens Iulia*, da cal procedía Augusto. Consegúase obter, por unha banda, o prestixio cultural da tradición grega e, por



Mosaico da villa romana de Low Ham, 330-350 n.e.

A épica de Virxilio

outro, unha orixe divina para Octavio Augusto: a deusa Venus era a avoa de Ascanio Xulo, o antepasado da *gens Iulia*.

Dido

Dido é a **raíña** viúva de Cartago. Debátese entre o respecto ao seu defunto marido, a súa dignidade e deberes reais e o amor que sente por Eneas. Dido desempeña un papel nos primeiros catro libros da Eneida semellante ao que interpreta Turno ao final. É unha figura de paixón e volatilidade, cualidades que contrastan coa orde e o control de Eneas, e trazos que Virxilio asociou coa propia Roma na súa época. Dido tamén representa o sacrificio que Eneas fai para cumprir co seu deber. Eneas atópase coa sombra de Dido no inframundo xusto antes de que se lle revele o futuro legado de Roma, e de novo admite que o seu abandono da raíña non foi un acto da súa propia vontade. A través de Dido, Virxilio afirma a orde, o deber e a historia a expensas do amor romántico.

Turno

Turno é a contraparte de Dido, outro dos protexidos de Xuno que debe acabar perecendo para que Eneas cumpra o seu destino. Tanto Turno como Dido representan forzas da irracionalidade en contraste co piadoso sentido da orde de Eneas. Dido é desfeita polo seu desexo romántico, Turno pola súa rabia e orgullo implacables. É famoso pola súa coraxe e habilidade na batalla, e con razón: ten todos os elementos dun **heroe**.



"Eneas é curado por Iápix", fresco da casa de Sirico, Pompeia, s. I n.e.

Estrutura

Desde o punto de vista da **historia**:

Libros I-VI: viaxe polo Mediterráneo ata chegar ás costas de Cartago. Eneas realiza unha catábase (baixada aos infernos) no libro VI. É a *Eneida* que bebe da *Odisea*.

Libros VII-XII: guerras polo dominio de Italia. É a *Eneida* que bebe da *Ilíada*.

Desde o punto de vista das **personaxes**:

Libros I-IV: Dido.

Libros V-VIII: Eneas.

Libros IX-XII: Turno.

Lingua e estilo

En canto a lingua e estilo, imos destacar algúns puntos que caracterizan a súa dicción: o uso de **arcaísmos** e **glosas** adecuándose á situación²; a variedade de **ton** (dramático, lírico ou épico) segundo a escena que se estea narrando e a liberdade **sintáctica** herdada da poesía (especialmente, o epilio³ alexandrino); a súa capacidade de facer oracións expresivas e orixinais con palabras comúns (*quae regio in terris nostri non plena laboris*? “Que rexión no mundo non está repleta [da historia] do noso sufrimento?”)

Evidentemente, temos que facer referencia ao **hexámetro dactílico**, herdado da tradición homérica por medio do cribo da épica romana e outros autores (coma Lucrecio) que o usaran con anterioridade. Deles tamén herdou o uso de **epítetos** e o comezo da narración *in media res*. A forte intertextualidade da *Eneida* móstranos a un Virxilio culto, admirador do pasado e, ao mesmo tempo, extremadamente orixinal.

2 Os arcaísmos e as glosas son dous elementos moi importantes da linguaxe épica, que tenden a darlle o carácter dunha linguaxe artificial e artística. Virxilio dominou con mestría estes dous recursos, usándoos cando o tema o requiría e non de xeito arbitrario.

Un **arcaísmo** é calquera expresión lingüística que cae fóra do uso contemporáneo do escritor, pero que pertence á base da lingua e estaba en uso en tempos anteriores. Unha **glosa** é calquera palabra con algunha característica distintiva que a distingue da lingua común (palabras específicas da poesía, termos técnicos de todo tipo, dialectalismos, palabras raras, palabras estranxeiras).

3 O epilio era un subxénero poético breve, típico da literatura helenística, escrito en hexámetros dactílicos.